



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ORDENANZA FISCAL REGULADA DA TAXA POLA RECOLLIDA DE LIXO E TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DO MESMO

ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO E NATUREZA.-

En uso das facultades conferidas polos artigos 133.3 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/1988, de 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este Concello establece a Taxa pola recollida de lixo e tratamento e eliminación do mesmo, que se rexerá pola presente Ordenanza Fiscal, estando as normas o previsto na devandita Lei 39/1988.

ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE.-

1.- Constitúe o feito impoñible da taxa a prestación do servizo de recepción obrigatoria de recollida de lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns de vivendas, aloxamentos e locais ou establecementos donde se exerzan actividades industriais, comerciais, profesionais, artísticas e de servizos, así como o tratamento e eliminación de residuos.

2.- Os devanditos efectos, considerase lixo domiciliario e residuos sólidos urbáns, os restos e desperdicios de alimentación ou detritus procedentes da limpeza normal de locais ou vivendas e exclúense de tal concepto os residuos de tipo industrial, escombros de obras, detritus humanos, materiais e materiais contaminados, corrosivos, perigosos ou aqueles para os que a recollida ou vertido esixa a adopción de especiais medidas hixiénicas, profilácticas ou de seguridade.

3.- Non está suxeta á taxa a prestación de carácter voluntario e a instancia de parte, dos seguintes servizos:

- a) Recollida de lixo e residuos non calificados de domiciliarios e urbáns de industrias, hospitais e laboratorios.
- b) Recollida de escorias e cinzas de calefaccións centrais.
- c) Recollida de escombros de obras.

ARTIGO 3.- SUXEITOS PASIVOS.-

1.- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, que ocupen ou utilicen as vivendas e locais ubicados nos lugares, prazas, rúas ou vías públicas en que se preste o servizo xa sexa a título de propietario ou de usufrutuário, habitacionista, arrendatario ou incluso de precario.

2.- Terá a consideración de suxeito pasivo substituto de contribuínte o propietario das vivendas ou locais, que poderá repercutir, no seu caso, as cuotas satisfeitas sobre os usuarios de aquelas, beneficiarios do servizo.

ARTIGO 4º.- RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas e xurídicas a que se refiren os artigos 38.1. e 39 da Lei Xeral Tributaria.

2.- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quiebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei Xeral Tributaria.

ARTIGO 5º.- EXENCIONS.-

Estarán exentos de pago, no medio rural os propietarios de vivendas que teñan unha distancia ó contenedor máis cercano superior a 700 mts.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ARTIGO 6º.- CUOTA TRIBUTARIA.

A cuota tributaria consistirá nunha cantidade fixa por unidade de local que se determinará en función da natureza e destino dos inmobles e da súa situación.

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas según situación e categoría e ano polos conceptos que a continuación se relacionan:

A) RECOLLIDA DO LIXO

- 1) Casco Urbán:
Vivenda unifamiliar: 66,64 euros/ano
Industriais: 119,56 euros/ano
Categoría Especial: 161,84 euros/ano
- 2) Medio Rural:
Vivenda unifamiliar: 36,28 euros/ano
Industrial: 72,56 euros/ano

B) TRATAMENTO E ELIMINACIÓN DE RESIDUOS

- 1) Casco Urbán:
Vivenda unifamiliar: 74,68 euros/ano
Industriais: 128,56 euros/ano
Categoría Especial: 173,56 euros/ano
- 2) Medio Rural:
Vivenda unifamiliar: 39,08 euros/ano
Industrial: 78,16 euros/ano

As cuotas incrementaranse anualmente na coantía do Índice de Precios ó Consumo, establecido polo Instituto Nacional de Estadística

ARTIGO 7º.- DEVENGO.-

1.- A taxa devéngase e nace a obriga de contribuír dende o momento en que principia a prestación do servizo, dada a natureza de recepción obrigatoria do mesmo, cando está establecido e en funcionamento o servizo municipal de recollida de lixo domiciliaria, nas rúas ou lugares Donde figuren as vivendas ou locais utilizadas polos contribuíntes suxeitos a Taxa.

2.- Establecido e en funcionamento o referido servizo, as cuotas devengaránse o primeiro día de cada trimestre natural, salvo que o devengo da taxa se producira con posterioridade á devandita data, nese caso a primeira cuota devengarase o primeiro día do mes seguinte.

ARTIGO 8 º.- DECLARACIÓN E INGRESO.-

1.- Dentro dos trinta días hábiles seguintes ó da data en que se devengue por primeira vez a taxa, os suxeitos pasivos formalizarán a súa inscrición en matrícula, presentado, ó efecto, a correspondente declaración de alta e ingresando simultaneamente a cuota do primeiro trimestre.

2.- Cando se coñeza xa de oficio por comunicación dos interesados, calquer variación dos datos figurados na matrícula, levaranse a cabo nesta as modificacións correspondentes, que surtirán efectos a partir do período de cobranza seguinte ó da data en que se efectuara a declaración.

3.- O cobro das cuotas efectuarase trimestralmente mediante o recibo derivado da matrícula.



CONCELLO DE FRIOL (LUGO)

ARTIGO 9º.- INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.-

No relativo ás calificacións de infraccións tributarias así como das sancións que ás mesmas correspondan en cada caso, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria.

DISPOSICIÓN FINAL

A modificación da ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 18 de novembro de 2003, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 2004, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.